

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: JOAQUINA GALLEGO JORRETO

CURSO: 3º -4º

MATERIA:CCSS

DEPARTAMENTO:

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Utilizar nocións e unidades temporais básicas (pasado, presente e futuro), situando acontecementos da historia da localidade.	1.1. Define os tempos pasado, presente e futuro e elabora unha sinxela liña do tempo coa historia da súa localidade.  <b>(Comunicación lingüística)</b>
2. Identificar as unidades de medida do tempo histórico ( <i>ano, década, século, milenio</i> ) para iniciarse na localización e ordenación de feitos históricos.	2.1. Identifica as unidades <i>ano, lustro, década, século e milenio</i> e coñece as súas equivalencias.  <b>(Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía)</b>
3. Adquirir o concepto de historia, coñecer as idades en que se divide e identificar as fontes históricas, ademais de coñecer unha clasificación destas.	3.1. Describe <i>fonte da historia</i> , e nomea algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades.  <b>(Competencias social e cívica)</b>
4. Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia	4.1. Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga e idenntifica espazos e monumentos históricos da Idade Antiga de Galicia.
5. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.	5.1. Valora a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas diarias e semanais</li> <li>• Fichas avaliativas.</li> <li>• Se é posible de xeito oral por conexión telemática ou similar.</li> </ul>
	<b>Instrumentos:</b> Aula virtual, seguimento das tarefas propostas. Entrega dos traballos en tempo polos medios previstos ou por outros alternativos propostos e de acordo co mestre de área.
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> Primeiro e segundo trimestre avaliados con respecto o traballo presencial. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final que será computada tendo en conta a media das anteriores e valorando en positivo o esforzo realizado nas tarefas propostas para o terceiro trimestre.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non procede na presente etapa. No mes de setembro reaxustaranse as programacións atendendo aos aspectos pendentes do presente curso.
<b>Atención á diversidade</b>	Dende o Departamento de Orientación propónse a elaboración dunha addenda ao Plan de Orientación por parte do especialista en PT e AL, logo dunha posta en común e de acordo co profesorado e titoras.
	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas diarias e semanais</li> <li>• Fichas de reforzo.</li> <li>• Adaptación dos materiais comúns se fose preciso e do nivel e cantidade segundo caso.</li> <li>• Se é posible, de xeito oral por conexión telemática ou similar, farase un seguimento por parte do especialista.</li> </ul>

As programacións didácticas para o curso 2020/2021 terán en conta as adaptacións realizadas na programación deste terceiro trimestre coa finalidade de que o alumnado poida progresar a partir das aprendizaxes anteriores.

Polo tanto, e una vez realizada a correspondente avaliación inicial, retómanse os aspectos que puideran quedar pendentes no presente trimestre, e que consideremos imprescindibles para dar comezo coa programación do citado curso 2020/2021.

## 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Proposta, como ate o de agora, de actividades semanais indicando a temporalización que se considera máis axeitada ás circunstancias actuais. Achegamento de enlaces con vídeos explicativos axeitados e proposta de actividades relacionadas online.</p> <p>Tarefas para ser cumprimentadas e entregadas empregando a Aula Virtual coa que levamos traballando dende mediados de marzo. Resolución de algunha pequena proba plantexada, de xeito sinxelo, na propia plataforma. Videoconferencias tanto para pequenas explicacións como para algunha dúbida en concreto, empregando a aplicación Cisco Webex, a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregárase algunha comercial coa que xa están familiarizados.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Os materiais da proposta de actividades serán facilitados as familias dende o propio Concello en formato impreso que a familia previamente pode solicitar e de non ser posible pasar a recollelo, eles mesmos llo achegarán aos domicilios.</p> <p>En principio e segundo os datos que nos constan, tódalas familias do alumnado dispoñen de conexión a internet, inda que sexa unha pequena liña de datos que lle permitiría a resolución dunha proba sinxela de xeito individual empregando un dispositivo móbil.</p> <p>Videoconferencias empregando a app móbil proposta pola consellería ou, de ser complicado para eles, empregárase algunha comercial coa que xa están familiarizados ou a propia liña telefónica.</p> <p>En casos puntuais tamén se poderá intentar trasladar a proba en formato impreso.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Libro do alumno.</li><li>• Recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo e actividades de ampliación. Fichas complementarias.</li><li>• Recursos dixitais: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais disponibles.</li></ul>

## 2. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Páxina web do centro.</li><li>• Espazo Abalar/ abalarMóbil .</li><li>• Aula Virtual .</li><li>• Teléfono e Mensaxería instantánea.</li><li>• Correo electrónico .</li><li>• Videoconferencia Webex ou se presenta dificultade outras máis populares e sinxelas.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/</a>